



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

**Agosto 2020**

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2020


Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Agosto 2020

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 0,5% en Galicia en agosto de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 4,6%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 3,0% mentres que no Resto de produtos aumentan un 3,8%.
- As vendas minoristas aumentan en tres comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes diminúe un 1,6% en Galicia no mes de agosto de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España o descenso é dun 5,8%.
- O índice xeral de ocupación diminúe o 2,2% en Galicia e o 3,4% no conxunto do Estado.
- A ocupación diminúe en todas as comunidades autónomas no mes de agosto.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Agosto 2020

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	115,4	-0,5	-4,4
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	116,0	0,8	-2,6
<b>Alimentación</b>	108,8	-3,0	3,2
<b>Resto</b>	121,7	3,8	-6,8



## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 0,5% en Galicia en agosto de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 4,6%.


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 0,8% respecto a agosto de 2019 en Galicia mentres que descende un 4,3% en España. Desagregando por produtos:

- A Alimentación diminúe as súas vendas un 3,0% en Galicia (taxa 4,6 puntos inferior á do mes anterior) e un 5,2% no conxunto de España (taxa 3,2 puntos inferior á do mes anterior).
- O Resto de produtos rexistra un incremento do 3,8% en Galicia (1,7 puntos máis que no mes precedente) e un descenso do 3,5% no conxunto do Estado (menor que o do mes de xuño, -3,9%).

No oito primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 4,4% en Galicia e un 8,9% no conxunto de España. As vendas en Alimentación aumentan un 3,2% en Galicia e un 0,2% en España. As vendas no Resto de produtos diminúen un 6,8% en Galicia e un 13,8% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 1,7%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en agosto en tres comunidades autónomas: Madrid (2,6%), País Vasco (1,9%) e La Rioja (1,7%). As maiores baixadas rexístranse en Illes Balears (-15,3%) e Canarias (-14,2%).

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Agosto 2020

### Taxas de variación en %



No que vai de ano, rexístranse descensos nas vendas en todas as comunidades autónomas. As maiores caídas rexístranse en Illes Balears (-17,0%) e Canarias (-16,0%). Os menores descensos danse en Galicia (-4,4%) e Castilla – La Mancha (-5,4%).

### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes diminúe un 1,6% en Galicia no mes de agosto de 2020, e un 5,8% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 1,2% en Galicia mentres que diminúe un 4,1% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación diminúen un 0,7% e aumentan no Resto de produtos un 2,6%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación diminúen un 3,3% e no Resto de produtos un 4,8%.

## Índices de comercio polo miúdo. Agosto 2020

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	115,2	-1,6	-5,6
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	116,7	1,2	-2,7
<b>Alimentación</b>	117,1	-0,7	5,7
<b>Resto</b>	115,7	2,6	-8,8

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	-1,6	-5,6
Xeral sen estacións de servizo	1,2	-2,7
Alimentación	-0,7	5,7
Resto	2,6	-8,8

No que vai de ano, o índice xeral diminúe un 5,6% en Galicia e un 10,0% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 5,7% en Galicia e un 2,6% en España mentres que diminúen as vendas do Resto de produtos, -8,8% en Galicia e -15,9% en España.

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación<sup>1</sup> amosa unha taxa de variación interanual do -2,2% no mes de agosto en Galicia e do -3,4% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, o persoal ocupado diminúe un 1,0% en Galicia e un 2,0% en España.

#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista diminúe en agosto en todas as comunidades autónomas. Os maiores descenso rexístranse en Illes Balears (-9,4%) e Canarias (-6,1%). As menores baixadas amósanse en Aragón (-0,6%), País Vasco (-1,1%) e La Rioja (-1,1%).

No acumulado do ano, as maiores caídas na ocupación danse en Illes Balears (-6,4%) e Canarias (-3,5%). Os menores descenso rexístranse en La Rioja (-0,5%) e Aragón (-0,6%).

<sup>1</sup> Nos datos de emprego hai que ter en conta que as persoas acollidas a un Expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.

## Índice xeral de ocupación. Agosto 2020

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>2</sup>.

---

<sup>2</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Agosto 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	115,2	-1,6	-5,6	115,4	-0,5	-4,4
Xeral sen estacións de servizo	116,7	1,2	-2,7	116,0	0,8	-2,6
Alimentación	117,1	-0,7	5,7	108,8	-3,0	3,2
Resto	115,7	2,6	-8,8	121,7	3,8	-6,8
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	103,1	-5,8	-10,0	102,9	-4,6	-8,9
Xeral sen estacións de servizo	103,2	-4,1	-7,8	102,7	-4,3	-7,6
Alimentación	111,9	-3,3	2,6	104,2	-5,2	0,2
Resto	96,6	-4,8	-15,9	101,5	-3,5	-13,8

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Agosto 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	112,2	1,1	-5,7	109,6	1,7	-4,2
Xeral sen estacións de servizo	113,1	3,2	-3,0	111,8	3,4	-2,4
Alimentación	108,4	2,6	5,9	100,8	0,1	3,3
Resto	115,9	3,9	-9,4	118,8	5,4	-7,4
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	106,6	-4,2	-10,2	106,2	-2,4	-9,1
Xeral sen estacións de servizo	108,2	-2,4	-8,0	106,1	-2,6	-7,8
Alimentación	110,1	-0,9	2,3	102,2	-2,9	0,1
Resto	107,0	-3,1	-16,2	109,8	-1,7	-14,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE



**Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Agosto 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>103,1</b>	<b>-5,8</b>	<b>-10,0</b>	<b>102,9</b>	<b>-4,6</b>	<b>-8,9</b>
Andalucía	106,5	-6,7	-10,8	106,9	-5,8	-9,9
Aragón	101,0	-5,5	-10,1	101,4	-3,9	-8,5
Asturias	109,1	-1,8	-7,6	110,0	-0,2	-6,0
Balears, Illes	117,0	-16,3	-18,1	117,4	-15,3	-17,0
Canarias	94,9	-13,7	-15,7	93,6	-14,2	-16,0
Cantabria	118,5	-2,2	-8,0	117,4	-1,0	-6,9
Castilla y León	109,7	-5,7	-10,2	109,5	-4,2	-8,9
Castilla-La Mancha	110,9	-1,5	-6,8	111,0	0,0	-5,4
Cataluña	94,4	-10,6	-12,6	93,3	-9,3	-11,3
Comunitat Valenciana	108,6	-5,9	-8,6	109,5	-4,9	-7,4
Extremadura	99,6	-5,6	-9,3	100,2	-4,9	-8,4
<b>GALICIA</b>	<b>115,2</b>	<b>-1,6</b>	<b>-5,6</b>	<b>115,4</b>	<b>-0,5</b>	<b>-4,4</b>
Madrid	99,0	1,2	-7,5	98,9	2,6	-6,2
Murcia, Región de	104,7	-4,5	-10,7	105,5	-3,4	-9,8
Navarra	105,8	-4,9	-10,6	105,6	-3,2	-9,2
País Vasco	94,8	1,0	-6,6	94,1	1,9	-5,8
Rioja, La	113,0	0,1	-7,6	113,1	1,7	-6,2
Ceuta	77,8	-20,0	-17,7	78,1	-19,9	-17,0
Melilla	80,2	-24,8	-21,4	80,5	-24,6	-20,9

Fonte: INE

**Cadro 4. Índices de ocupación. Agosto 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	103,5	-2,2	-1,0
Xeral sen estacións de servizo	103,2	-2,1	-1,0
<b>España</b>			
Xeral	102,7	-3,4	-2,0
Xeral sen estacións de servizo	102,5	-3,3	-2,0

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Agosto 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>102,7</b>	<b>-3,4</b>	<b>-2,0</b>
Andalucía	99,4	-3,9	-2,4
Aragón	103,8	-0,6	-0,6
Asturias	104,4	-2,9	-2,3
Baleares, Illes	107,9	-9,4	-6,4
Canarias	102,3	-6,1	-3,5
Cantabria	103,5	-1,8	-1,7
Castilla y León	103,8	-1,7	-1,2
Castilla-La Mancha	101,5	-1,4	-1,5
Cataluña	102,1	-3,5	-1,7
Comunitat Valenciana	107,9	-3,3	-1,1
Extremadura	100,8	-2,6	-1,7
<b>GALICIA</b>	<b>103,5</b>	<b>-2,2</b>	<b>-1,0</b>
Madrid	102,1	-3,4	-2,2
Murcia	103,0	-3,6	-2,3
Navarra	101,1	-3,2	-2,5
País Vasco	102,4	-1,1	-0,9
Rioja, La	105,4	-1,1	-0,5
Ceuta	100,8	-2,9	-1,8
Melilla	100,9	-2,8	-2,1

Fonte: INE